

O **Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza** entende que é preciso a apertura dunha mesa de negociación ampla que inclúa a todas as forzas sindicais con representación nas Xuntas de Persoal do Ensino das distintas provincias.

Ás portas do curso 2024/2025 estamos a tempo de que este sexa un curso de cambios políticos en materia educativa.

**10 puntos de emerxencia para unha negociación
sobre o ensino galego.**

- Redución das ratios para o curso 2024/2025.
- Redución do horario lectivo.
- Plan de racionalización da burocracia.
- Plan específico para o ensino rural.
- Creación do corpo único de ensinantes.
- Aposta por una maior atención á diversidade.
- Ensino galego e en galego: levantamento da prohibición do uso do galego nas materias científicas. O galego debe ser a lingua do ensino na Galiza.
- Cumplimento do Acordo de interinos/as: o funcionariado interino e substituto con máis de 5,5 meses traballados continúa sen cobrar os meses de xullo e agosto.
- Plan específico para rexuener os claustros, facilitando a redución horaria para maiores de 55 anos e promovendo a incorporación de novas docentes.
- Plan de recuperación do poder adquisitivo do profesorado.

